REDES

#acasainfinita é a emocionante proposta de **Antía Marante** na que podemos compartir as imaxes das nosas rutinas caseiras nas redes e construír así un espazo comunitario e amable para maiores e pequenos. Rastrexa o cancelo nos buscadores de Instagram, Twitter ou Facebook.

PINTURA

A mostra antolóxica de **Colmeiro** no **MARCO** dá o salto á rede. Ata o mes que vén poderán verse en liña entrevistas ao artista que **RTVE** e **TVG** cederon dos seus arquivos históricos. Unha ocasión impagable para coñecer a obra dun dos mellores pintores galegos na súa propia voz.



CINE

Asociación Proxecto Máscaras comparte durante o tempo de confinamento a película ***Máscaras: a historia dun reto***, na que un grupo de persoas con diferentes capacidades conseguen facer equipo e traballan duro para crear, rodar e estrear ***Calcetin(e)s***, a súa propia curtametraxe.

CULLEREDO
CONCELLO
CONCELLERÍA DE CULTURA

5 + 2 PROPOSTAS DE LECER PARA QUEDAR NA CASA

Preme na imaxe de cada proposta para entrar no seu sitio web. Recorda que a Concellaría de Cultura puxo en marcha o reto Cullerchef, para menores de 12 anos, e unha lista colaborativa de cancións en galego. Todas as propostas son de balde. Participa, goza, comparte!

#euquedonacasa

EU QUEDO NA CASA
LISTA COLABORATIVA

falamos
servizo de normalización lingüística

DEBUXO

Moitos artistas usan estes días as redes para mostrar a súa arte, pero son poucos os que aproveitan o que estas teñen de social. **Leandro Lamas** é a excepción: fai sesións de debuxo en directo para nenos, deixa as instrucións nas fotos e permite a participación directa no seu Facebook.

TEATRO

A compañía **Teatro do Ar** está a preparar unha obra colaborativa cos textos ou ideas sobre o confinamento que calquera persoa queira achegar. Un divertido xogo coral que permitirá formar parte do proceso de creación dun texto dramático e a súa posterior posta en escena.